

RECOMENDACIÓNS LECTURA

VERÁN 2021

BIBLIOTECA CEIP O COTO



Lectores expertos

de 10 a 12 anos


"UNA MUY BREVE HISTORIA DE CASI TODO "

Descubre os misterios do tempo, o espazo e a vida no noso planeta neste libro extraordinario: unha viaxe desde o principio ata o de agora, pasando por (case) todo o intermedio.




"Bocas. ANIMAIS EXTRAORDINARIOS"

O libro Bocas recolle algúns exemplos de animais extraordinarios que presentan adaptacións moi complexas para conseguir o alimento que precisan. Uns son carnívoros, outros herbívoros, todos eles especialistas que nos mostran a gran variedade de estratexias alimentarias que existen na natureza.




"O COUSO"

Myrtle Manso é unha nena consentida que sempre quere máis e máis cousas. O problema é que agora quere "un couso", pero ninguén sabe a que se refire. Os seus pais desvivíranse por atopalo, e atopan algunha información na Monstropedia, así que non dúbidan en adentrarse na selva máis selvática, profunda e escura para facerse con el.



XOGOS



ADULTOS

"A TRENZA" LAETITIA COLOMBANI

As vidas de Smita, Giulia e Sarah non poden ser máis diferentes. Na India, Smita fai o posible para que a súa filla aprenda a ler e escribir. En Italia, Giulia descubre que a fábrica de perrucas do seu pai está a piques de quebrar. E no Canadá Sarah enfróntase a unha enfermidade que truncará a súa exitosa carreira como avogada. Colombani tece unha espléndida trenza entre as tres historias.



"COMO A RODA NO MUÍÑO" SUSO LISTA

O ciclo da vida narrado como roda de muíño que xira e xira para brindarnos con mestría un mundo onde o cotián se converte moitas veces en absurdo.



Prelectores

de 3 a 5 anos




"PONTE EN MI LUGAR"

Abella ten un á enredada cun fío e non pode voar, Xoaniña perdeu un dos seus lunares mentres os tendía, Araña ten moita seda que fiar.. Todos eles pídenlle axuda a Grilo, pero el non cre que esas cousas sexan importantes.


"MARUXA"

Maruxa e Pepiño vivían na aldea. Maruxa cosía, varría e labraba. Pepiño cantaba, folgaba e durmía. Mais un día... Maruxa decide dar unha lección ao seu marido. Astuta, e cunha gran habilidade no manexo da retranca, logrará que Pepiño tome consciencia de que o traballo da casa está mal repartido e consegue que cambie de actitude.




"LA HORMIGUITA"

Un libro infantil sorprendentemente divertido e didáctico co que os nenos entenderán a importancia do esforzo e da honestidade como fundamentos dunha sociedade onde poidan sentirse realizados e chegar a ser felices.



Primeiros lectores

de 6 a 8 anos



"¡CARAMBA, MIRANDA!"

Miranda naceu cun pescozo moi longo, máis longo que un día sen pan. Se o estiraba, podía mirar entre as nubes e saber que tempo ía facer. Grazas a iso, Miranda converteuse na jirafa meteoróloga máis famosa do mundo mundial. Os habitantes da sabana estaban encantados. Non fallaba nunca. Ata que un día, sen saber por que, todo cambiou...


"NO SOMOS BASURA"

Praia? Montaña? Cruceiros por alta mar? Competicións deportivas? Botella imaxinaba unha vida chea de aventuras. Terminar metida nun cubo amarelo de reciclaxe... non lle parecía un gran plan.




"BO CAMIÑO, PEREGRINO!"

Este é un libro sobre o Camiño de Santiago. Un libro de ficción, cheo de maxia, detalles... Moitos detalles! Os amigos e protagonistas desta aventura teñen todo preparado para aventurarse na variante francesa do Camiño. Espéranlles moitas aventuras e ademais convidanche a gozar do seu contido, gastronomía, natureza, paisaxes... aquí ensínase ata preparar a mochila.



Lectores autónomos





"EL DRAGÓN COLOR FRAMBUESA"

Ao pequeno dragón gustáballe tanto comer frambuesas que tiña a pel completamente salpicada de lunares vermellos. Todos os demais dragones burlábanse del porque non era verde. Haberá algún sitio onde ser diferente non sexa algo do que avergoñarse? Un estupendo conto que mostra a forza da amizade e a superación persoal.

"ESMERALDINA, A PEQUENA DEFUNTA"

Ledicia Costas
O Hotel Fantastique está no medio do Salvaxe Oeste. Nas súas cociñas a pequena Esmeraldina é feliz, aprendendo todos os trucos culinarios da man da súa avoa A Tremenda, unha chef de sona mundial. Esmeraldina necesita aprender a ser unha pantasma de verdade.



"GAZAFELLOS"

Quen che contou que os Gazafellos non existen? Abofé que existen. E son ben gratos e extravagantes. Descubre que aventuras lles pasaron a Mauro e Tiago cando coñeceron a Fede e o seu mundo se revolucionou.